Galician Books for Children & Young Adults 2024

Libros infantís e xuvenís de Galicia 2024

Libros infantiles y juveniles de Galicia 2024



XUNTA DE GALICIA

Galician Books for Children & Young Adults **2024**

Libros infantís e xuvenís de Galicia 2024

Libros infantiles y juveniles de Galicia 2024

XUNTA DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA

Edita
Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
Dirección Xeral de Cultura

Coordinación e revisión editorial
Mercedes Pacheco Vázquez e Raquel Senra Fernández

Traducións
Raúl Esmorís García e Mercedes Pacheco Vázquez

Ilustración da cuberta
Bea Gregores

Maquetación
Mallante Estudio

Produción
GÁLIX

Imprime
Ográfico

D.L.
C 288-2018

Santiago de Compostela, 2024

Galician Books for Children & Young Adults 2024

Libros infantís e xuvenís de Galicia 2024

Libros infantiles y juveniles de Galicia 2024

07
Reading Promotion
Promoción da lectura
Promoción de la lectura

13
Books
Libros
Libros

159
Publishers'
Enderezos das editoriais
Direcciones de las editoriales

165
Index publications
Índice publicacións
Índice publicaciones

Libros infantís e xuvenís de Galicia 2024

A aprendizaxe emocional e intelectual de calquera cativo está fortemente ligada ás primeiras lecturas da infancia. Cada historia que chega a mans dos nenos abre para eles un universo aínda sen conformar, e no cal cada páxina adquire unha dimensión transcendental que acompañará ao longo da vida, e que xogará un papel clave no seu desenvolvemento persoal.

Neste senso, a literatura infantil e xuvenil (LIX) leva aparellada consigo unha especial responsabilidade, xa que supón os primeiros pasos para a construción da realidade persoal, pero tamén do papel social, do entendemento do mundo e de canto neste habita.

No caso de Galicia, a LIX sempre representou o máis sólido alicerce das nosas letras e a mellor garantía para o porvir do noso idioma. O noso territorio ofrece un modelo literario excepcional, tanto en número de publicacións como na calidade de cada obra, e sempre estivo enfocado en ofrecerlles aos lectores máis novos un produto literario abraiante, conmovedor e que esperte neles unha futura paixón polos libros.

Se a escena da LIX en Galicia atravesa un momento dourado é precisamente polo talento, o esforzo colectivo e o compromiso de escritores, ilustradores, editores, deseñadores, libreiros e distribuidores. A través da súa dedicación, a nosa literatura infantil e xuvenil tense convertido nun dos eidos de maior impacto e de maior proxección nacional e internacional da nosa cultura.

Dende a Xunta de Galicia, a través do noso apoio a este catálogo, queremos reivindicar o noso desexo de seguir promovendo, fomentando e dando a coñecer os nosos autores e autoras de LIX nos principais mercados literarios. Neste caso, este catálogo contén 143 propostas editoriais que reflicten a diversidade, a creatividade, a gran produción e a permanente renovación formal e estética dos profesionais do sector.

Queremos seguir traballando para que a nosa industria literaria prolongue este gran momento, e por iso é fundamental a implicación de todas as institucións culturais e de todo o sector para seguir avanzando neste desenvolvemento. Galicia debe garantir a excelencia e a singularidade que definen o selo literario da súa LIX, e facelo como un dos piares identitarios que nas últimas décadas máis teñen contribuído a potenciar a nosa cultura entre os máis cativos.

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
Xunta de Galicia

Libros infantiles y juveniles de Galicia 2024

El aprendizaje emocional e intelectual de cualquier niño está fuertemente ligado a las primeras lecturas de la infancia. Cada historia que llega a manos de los niños abre un universo todavía sin conformar, en la que cada página adquiere una dimensión transcendental que los acompañará a lo largo de la vida y que jugará un papel clave en su desarrollo personal.

En este sentido, la literatura infantil y juvenil (LIJ) lleva emparejada una especial responsabilidad ya que supone los primeros pasos para la construcción de la realidad personal, pero también del papel social, del entendimiento del mundo y de cuanto en este habita.

En el caso de Galicia, la LIJ siempre ha representado el más sólido fundamento de nuestras letras y la mejor garantía para el porvenir de nuestro idioma. Nuestro territorio ofrece un modelo literario excepcional, tanto en el número de publicaciones como en la calidad de cada obra, y siempre ha estado enfocado a ofrecer a los lectores más jóvenes un producto literario sorprendente, conmovedor y que despierte en ellos una futura pasión por los libros.

Si la escena de la LIJ en Galicia atraviesa un momento dorado es precisamente por el talento, el esfuerzo colectivo y el compromiso de escritores, ilustradores, editores, diseñadores, libreros y distribuidores. A través de su dedicación, nuestra literatura infantil y juvenil se ha convertido en uno de los campos de mayor impacto de proyección nacional e internacional de nuestra cultura.

Desde la Xunta de Galicia, a través de nuestro apoyo a este catálogo, queremos reivindicar nuestro deseo de seguir promoviendo, fomentando y dando a conocer a nuestros autores y autoras de LIJ en los principales mercados literarios. En este caso, este catálogo contiene 143 propuestas editoriales que reflejan la diversidad, la creatividad, la gran producción y la permanente renovación formal y estética de los profesionales del sector.

Queremos seguir trabajando para que nuestra industria literaria prolongue este gran momento, por eso es fundamental la implicación de todas las instituciones culturales y de todo el sector para avanzar en este desarrollo. Galicia debe garantizar la excelencia y la singularidad que definen el sello literario de su LIJ, y hacerlo como uno de los pilares identitarios que en las últimas décadas más han contribuido a potenciar nuestra cultura entre los más pequeños.

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional y Universidades
Xunta de Galicia

Galician Books for Children & Young Adults 2024

The emotional and intellectual growth of any child is closely tied to their early reading experiences during childhood. Every story that finds its way into children's hands opens up for them a world yet to be shaped. As the pages unfold, this new world attains a transcendental dimension that will journey with them through life and be a catalyst for their personal development to flourish.

In this regard, children's and young adult literature bears a special sense of responsibility since it serves as the first foray into the construction of a personal reality. Not only that, but also the formation of one's societal role, the understanding of the world, and all that lives in it.

When it comes to Galicia, children's and young adult literature has always been our literature's most solid foundation and the most reliable guarantee for the future of our language. Our region boasts an outstanding literary tradition, both in terms of the volume of publications and the unparalleled quality of each work. What is more, its focus has always been on providing younger readers with a captivating and moving literary product that sparks in them a future passion for books.

The current golden age of Galicia's children's and young adult literature is precisely due to the aptitude, collective effort, and commitment of writers, illustrators, publishers, designers, booksellers, and distributors. Thanks to their dedication, our children's and young adult literature has become one of the most impressive fields with the greatest national and international projection of our culture.

From the Galician government, through our support of this catalogue, we want to champion our wish to keep on promoting, encouraging, and advertising our children's and young adult literature authors in the central literary markets. In this case, the catalogue features 143 publishing proposals that showcase the diversity, creativity, prolific output, and never-ending formal and aesthetic renovation of the professionals in this sector.

We want to continue working so our literary industry sustains this great momentum. That is why the involvement of all cultural institutions and the entire sector is imperative to further the progress made. Galicia must assure the excellence and distinctiveness that define its magnificent children's and young adult literature—one of the cornerstones of our cultural identity that has contributed the most in promoting our culture among the little ones in recent decades.

Román Rodríguez González
Galician Minister of Culture, Education, Vocational Training and Universities
Xunta de Galicia

GÁLIX

Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil
Centro de Emprendemento Creativo de Galicia. Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás
15707 Santiago de Compostela, A Coruña (España)
www.galix.org galix@galix.org

Unha primavera máis

Unha primavera máis, este catálogo achega toda a bibliodiversidade que o público lector pode atopar na literatura infantil e xuvenil galega. Libros de todos os tipos, formatos e deseños destinados a un amplo sector lector, non só á rapazada. Entre ese público, ademais de, obviamente, quen le por pracer ou entretemento, atópanse axentes literarios e editoriais de todo o mundo, que poden coñecer a nosa produción anual grazas ao traballo que, desde hai xa ben máis dunha década, realiza GÁLIX. Mais, este catálogo ten unha utilidade que vai máis alá da internacionalización da nosa prestixiosa LIX, tamén supón unha ferramenta moi útil para as persoas que prescriben e recomendan lecturas, para o profesorado que busca estar ao día das publicacións ou tamén para as estudosas e estudosos que enfocan a súa investigación académica no eido da LIX galega.

Como en anos anteriores, as editoriais que fixeron as súas achegas superan a cifra de 20 e son máis de 100 os títulos compilados. Esta porcentaxe de participación é unha boa mostra do carácter resiliente e da potencialidade da nosa literatura infantil e xuvenil. Unha primavera máis, como non podía ser doutro xeito.

David Cortizo Conde
Presidente de GÁLIX

Yet another spring

Yet another spring, this catalogue provides all the bibliodiversity the reading public can come across within Galician's children's and young adult literature. A varied array of books in terms of genre, format, and design aimed at a broad audience—not limited to just children and young adults. Among that audience, besides those reading for pleasure, literary agents and publishers worldwide can get acquainted with our annual output thanks to the efforts that GÁLIX has been making for more than a decade. Conversely, this catalogue's usefulness goes beyond the mere internationalisation of our acclaimed children's and young adult literature. It also serves as a valuable resource for those who prescribe and recommend readings, teachers wanting to keep up with new publications, and scholars focusing their academic research on the area of Galician children's and young adult literature.

Just as in past years, over 20 publishers have contributed, and the number of titles compiled has surpassed the number of 100 titles. This level of participation showcases the resilient character and enormous potential of our children's and young adult literature. Yet another spring, as it was only natural.

David Cortizo Conde
President of GÁLIX

Una primavera más

Una primavera más, este catálogo ofrece toda la bibliodiversidad que el público lector puede encontrar en la literatura infantil y juvenil gallega. Libros de todos los tipos, formatos y diseños destinados a un amplio sector lector, no solo a la infancia y adolescencia. Entre ese público, además de, obviamente, quien lee por placer o entretenimiento, se encuentran agentes literarios y editoriales de todo el mundo, que pueden conocer nuestra producción anual gracias al trabajo que, desde hace ya más de una década, realiza GÁLIX. Pero, este catálogo tiene una utilidad que va más allá de la internacionalización de nuestra prestigiosa LIJ, también supone una herramienta muy útil para las personas que prescriben y recomiendan lecturas, para el profesorado que busca estar al día de las publicaciones o también para las estudiosas e estudiosos que enfocan su investigación académica en el campo de la LIJ gallega.

Como en años anteriores, las editoriales que han realizado sus aportaciones superan la cifra de 20 y son más de 100 los títulos recopilados. Este porcentaje de participación es una buena muestra del carácter resiliente y de la potencialidad de nuestra literatura infantil y juvenil. Una primavera más, como no podía ser de otro modo.

David Cortizo Conde
Presidente de GÁLIX



BOOKS
LIBROS



A estirpe do arcanxo

Mes de publicación: maio
Texto: Nati Rey
Ilustracións: Miguel Robledo
Descrición: 224 p. 16 x 22 cm
ISBN: 978-84-126649-2-8



Maia ten dezasete anos, adora os libros antigos e sempre anda pelexando coa súa melena loura e riza. A súa vida vai mudar cando descobre que nace nela un novo e descoñecido poder. Novas figuras e forzas ancestrais porán a proba a súa resistencia e o seu corazón. Novela xuvenil de fantasía, protagonizada por unha personaxe inesquecible. Chea de humor, aventuras e algunha dor de cabeza.


Maia is a sixteen-year-old girl who loves old books and is in a constant battle with her curly blonde hair. Her life changes when she finds out that an unknown new power is awakening within her. Unfamiliar forms and ancient forces will challenge her resilience and heart. A young adult fantasy novel that features an unforgettable protagonist. Brimming with humour, adventures, and a fair share of headaches.

Maia tiene diecisiete años, adora los libros antiguos y siempre está peleando con su melena rubia y riza. Su vida cambiará cuando descubre que nace en ella un nuevo y desconocido poder. Nuevas figuras y fuerzas ancestrales pondrán a prueba su resistencia y su corazón. Novela juvenil de fantasía, protagonizada por un personaje inolvidable. Llena de humor, aventuras y algún dolor de cabeza.

Bigote de tres pelos

Mes de publicación: febreiro
Texto: Rita Doallo
Ilustracións: Miguel Robledo
Descrición: 36 p. 24 x 17 cm
ISBN: 978-84-125593-8-5





Que pasa na cara do avó Luís? Vaites!, os tres pelos do seu bigote comezaron unha protesta. Teñen unha lista de demandas e todo. En que acabará todo isto?

What's the matter with Grandpa Luís' face? Wow! The three hairs on his moustache have begun to protest. They even have a list of demands and everything. How will this all come to an end?

¿Qué pasa en la cara del abuelo Luís? ¡Vaya!, los tres pelos de su bigote han comenzado una protesta. Tienen una lista de peticiones y todo. ¿En qué acabará todo esto?



Cando chega o outono

Mes de publicación: novembro
Texto e ilustracións: Mariña Rey Noya
Descrición: 40 p. 24 x 7 cm
ISBN: 978-84-127368-8-5



Ourizo neto camiña canda a avoa polo bosque facendo preguntas sobre todo o que observa. Entenderá como muda a natureza conforme pasa o tempo?
Unha fermosa historia chea de poesía e beleza que nos achega aos cambios das estacións e mais os efectos que produce no bosque, cheo de luz e de misterios.


Grandson Hedgehog takes a stroll with Grandma Hedgehog through the forest, questioning everything his gaze meets. Will he understand how nature changes with the passage of time?
An enchanting story brimmed to overflowing with poetry and beauty. It brings us closer to the seasonal changes and their impact on the forest—a place rich in both light and mysteries.

Erizo nieto camina con la abuela por el bosque haciendo preguntas sobre todo lo que observa. ¿Entenderá cómo cambia la naturaleza conforme pasa el tiempo?
Una hermosa historia llena de poesía y belleza que nos acerca a los cambios de las estaciones y a los efectos que produce en el bosque, lleno de luz y de misterios.

Historia visual do RC Celta 1923-2023

Mes publicación: maio
Texto: César Cequeliños
Ilustracións: Jorge Campos
Descrición: 56 p. 17 x 24 cm
ISBN: 978-84-126649-8-0





O Celta fai cen anos. Cen anos de goles, de bágoas, de sorrisos, de unión. Con este libro descubrirás os momentos e as persoas que fixeron posible esta fazaña. Fichas de xogadores. Imaxes inesquecibles. Datos históricos e estatísticos. O lugar que merecen Balaídos, a afección e as músicas do club.


Real Club Celta de Vigo is one hundred years old. It has been one hundred years of goals, tears, smiles, and unity. This book enables you to find out about the moments and individuals that made this remarkable feat possible. Player profiles. Memorable images. Historical and statistical data. The place that the Balaídos Stadium, the fans, and the music of the club deserve.

El Celta cumple cien años. Cien años de goles, de lágrimas, de sonrisas, de unión. Con este libro descubrirás los momentos y las personas que hicieron posible esta hazaña. Fichas de jugadores. Imágenes inolvidables. Datos históricos y estadísticos. El lugar que merecen Balaídos, la afición y las músicas del club.



Animálgama

Mes de publicación: decembro
Texto: Ramón Sánchez
Ilustracións: Lucía Barrios
Descrición: 44 p. 22 x 22 cm
ISBN: 978-84-127217-0-6



Isto que tes nas mans non é un libro corrente, é unha ANIMÁLGAMA! E iso que é?
É un fantastilibro onde a poesía se volveu tola.
É «un gorila que baila ao son dunha gaita».
É «un verme en monopatín».
Ou incluso «unha medusa con tiracroios».
Se non o cres, ábreo e verás! Unha animálgama agarda por ti. Seguro que che fai rir.
Con este álbum ilustrado preténdese achegar o mundo da poesía a cativada dun xeito diferente, ameno e divertido.

What you're holding right now isn't your average book, it's an ANIMALGAMOUS! And what is that?
It's a fantasbook where poetry has lost its mind.
It's a "gorilla dancing to the sound of bagpipes".
It's a "worm on a skateboard".
Or even "jellyfish with a catapultt".
If you don't believe it, open it and just see! An animalgamous is waiting for you. It will make you laugh for sure.
This illustrated book aims to bring the world of poetry closer to kids in a different, enjoyable and fun way.

Esto que tienes en las manos no es un libro corriente, ¡es una ANIMÁLGAMA! ¿Y eso qué es?
Es un fantastilibro donde la poesía se ha vuelto loca.
Es «un gorila que baila al son de una gaita».
Es «un gusano en monopatín».
O incluso «una medusa con tirachinas».
Si no lo crees, ¡ábrelo y verás! Una animálgama espera por ti. Seguro que te hace reír.
Con este álbum ilustrado se pretende acercar el mundo de la poesía al público infantil de un modo diferente, ameno y divertido.

Maldiño, a vergoña da familia

Mes de publicación: febreiro
Texto e ilustracións: Esteban Souto
Descrición: 44 p. 22 x 22 cm
ISBN: 978-84-127217-0-6





Os pais de Maldiño esperan que manteña unha curiosa tradición familiar, pero só conseguen que os decepcione unha e outra vez. Poderá Maldiño ser feliz a pesar de todo?
Álbum ilustrado infantil que achega a historia familiar do pequeno Maldiño e da súa curiosa tradición familiar. O seu pai insiste en que el tamén o faga. Conseguirá manterse fiel a si mesmo? Unha historia sobre expectativas, autocoñecemento e aceptación para descubrir que cambiar vellas dinámicas é posible.

Maldiño's parents expect him to keep a peculiar family tradition alive. Yet, they only manage to be disappointed time and time again. Despite everything, will Maldiño achieve happiness?
This illustrated children's book unravels Maldiño's family history and their unique family tradition. His father insists on doing that too. Will he manage to stay true to himself? A story about expectations, self-discovery, and acceptance that demonstrates that changing the old ways is possible.

Los padres de Maldiño esperan que mantenga una curiosa tradición familiar, pero solo consiguen que los decepcione una y otra vez. ¿Podrá Maldiño ser feliz a pesar de todo?
Álbum ilustrado infantil que cuenta la historia familiar del pequeño Maldiño y de su curiosa tradición familiar. Su padre insiste en que él también lo haga. ¿Conseguirá mantenerse fiel a sí mismo? Una historia sobre expectativas, autoconocimiento y aceptación para descubrir que cambiar viejas dinámicas es posible.



O grande aviario

Mes de publicación: marzo
Texto e ilustracións: Eli García
Descrición: 52 p. 15,5 x 25 cm
ISBN: 978-84-125452-4-1



Os lugares máxicos e misteriosos son difíciles de descubrir. Esta é a historia de como chegamos ao noso, á nosa propia historia onde todo é posible. Estás preparado para soñar e crer? Queres coñecela? Abre o libro… e comeza a ler!
Esta banda deseñada para cativos é a historia de dúas nenas: Lea e Íar. Xunto a elas vivirás unha aventura divertida e aprenderás o valor da amizade e das aves.


Magical and mysterious places are hard to find. This is the story about how to get to our own—our own narrative, where everything is possible. Are you ready to dream and believe? Do you wish to uncover it? Open the book then... and start reading!
This comic book for the little ones follows the story of two girls—Lea and Íar. Alongside them, you'll embark on a fun adventure and learn the worth of friendship and birds.

Los lugares mágicos y misteriosos son difíciles de descubrir. Esta es la historia de cómo llegamos al nuestro, a nuestra propia historia donde todo es posible. ¿Estás preparado para soñar y creer? ¿Quieres conocerla? Abre el libro… y ¡comienza a leer!
Este cómic para los más pequeños es la historia de dos niñas: Lea e Íar. Junto a ellas vivirás una aventura divertida y aprenderás el valor de la amistad y de las aves.

Ula e Vinca. O feitizo de primavera

Mes de publicación: xuño
Texto e ilustracións: María Brenn
Descrición: 48 p. 18,5 x 25 cm
ISBN: 978-84-125452-7-2





Cando Vinca aparece misteriosamente na casa de Ula, a bruxa non sabe que facer con ela. Antes de se decatar, a cativa sorprenderaa cos seus inesperados poderes. Pero, de onde vén e que é realmente Vinca? Embárcate nesta fermosa e máxica aventura para descubrilo.
Esta banda deseñada para cativos achega a historia de Ula e Vinca. Xunto a elas descubrirás o valor da familia, a maxia e o amor.


When Vinca mysteriously shows up at Ula's house, the witch doesn't know what to do with her. Before realising it, the little girl will astonish her with her unexpected powers. But where does Vinca come from, and what is she in actuality? Embark on this lovely and magical adventure to find out.
This comic book intended for the little ones is about the story of Ula and Vinca. With them, you'll figure out the worth of family, magic, and love.

Cuando Vinca aparece misteriosamente en casa de Ula, la bruja no sabe qué hacer con ella. Antes de darse cuenta, la pequeña la sorprenderá con sus inesperados poderes. Pero ¿de dónde viene y qué es realmente Vinca? Embárcate en esta hermosa y mágica aventura para descubrirlo.
Este cómic para los más pequeños es la historia de Ula y Vinca. Junto a ellas descubrirás el valor de la familia, la magia y el amor.



A fotografía 51

Mes de publicación: marzo
Texto: María Canosa
Ilustracións: Paula Mayor
Descrición: 88 p. 19 x 13 cm
ISBN: 978-84-9995-421-9



A descuberta da estrutura do ADN outorgou o Premio Nobel a Watson e Crick por lograr o primeiro modelo correcto, a famosa dobre hélice. Porén, quen posibilitou a determinación da estrutura helicoidal foi Rosalind Franklin, a química que traballaba con cristalografía dos raios X.
Mais en 1951 ás mulleres non se lles permitía nin acceder á cafetería universitaria, tratábanas como a sombras e ocultaban o seu traballo.
Que pasaría coa autora da fotografía que propiciou un Premio Nobel? Sería recoñecida?

The Nobel Prize was awarded to Watson and Crick for the discovery of the structure of DNA for reaching the first-right model, the famous double helix. However, Rosalind Franklin, the chemist who worked with X-ray crystallography, was the person who made it possible to determine the helical structure.
But in 1951, women weren't even allowed to access the University coffee room. Women were treated as if they were shadows and their work was hidden.
What would happen to the female author of the photography who helped achieve a Nobel Prize? Would she be recognised?

El descubrimiento de la estructura del ADN otorgó el Premio Nobel a Watson y Crick por lograr el primer modelo correcto, la famosa doble hélice. Sin embargo, quien posibilitó la determinación de la estructura helicoidal fue Rosalind Franklin, la química que trabajaba con cristalografía de los rayos X.
Pero en 1951 a las mujeres no se les permitía ni acceder a la cafetería universitaria, las trataban como a sombras y ocultaban su trabajo.
¿Qué pasaría con la autora de la fotografía que propició un Premio Nobel? ¿Sería reconocida?

A maxia da cerámica

Mes de publicación: outubro
Texto e ilustracións: Sabela Orgueira Viqueira
Descrición: 36 p. 20 x 20 cm
ISBN: 978-84-9995-437-0






Ás veces, a maxia está nas cousas máis sinxelas: na auga, no aire, no lume e na terra mesma. Neste conto descubrirás, coas fadas do lume, a maxia da cerámica. Aprenderás a transformar o barro e convertelo en fermosas pezas, coñecerás as ferramentas, técnicas, procesos e acabados cerámicos con ilustracións para inspirarte e facer as túas propias creacións.
Para nenas e nenos que queiran iniciarse nas técnicas básicas da cerámica, e para docentes e familias que queiran acompañalos.


Sometimes, magic is in simplest things: in the water, in the air, in the fire and in the earth itself. In this tale, you will discover the magic of ceramics with the fire fairies. You will learn to transform the clay and convert it into beautiful pieces. You will find out about tools, techniques, processes, and ceramic finishes with illustrations to inspire you and for you to make your own creations. This book is intended for girls and boys who want to start learning basic ceramic techniques and for educators and families who want to accompany them.

A veces, la magia está en las cosas más sencillas: en el agua, el aire, el fuego y en la tierra misma. En este cuento descubrirás, con las hadas del fuego, la magia de la cerámica. Aprenderás a transformar el barro y convertirlo en hermosas piezas, conocerás las herramientas, técnicas, procesos y acabados cerámicos con ilustraciones para inspirarte y hacer tus propias creaciones.
Para niñas y niños que quieran iniciarse en las técnicas básicas de la cerámica, y para docentes y familias que quieran acompañarlos.



Abominables adorables e xigantas cantantas

Mes de publicación: novembro
Texto: Estíbaliz Espinosa
Ilustracións: Branda
Descrición: 40 p. 20 x 20 cm
ISBN: 978-84-9995-441-7




Hai xigantas e xigantes que poderían ser abominables pero elixen non selo. Gozan da súa amizade, cantan, xantan, contan estrelas, pensan no planeta e resultan ata riquiños e miudiños. E se non eran tan abominables? Igual hai que ir pensando noutros adxectivos para eles...
Personaxes do imaxinario popular, planetas e estrelas que debuxan o ceo, formas e seres fantásticos que propoñen que gocemos do planeta Terra e do Universo, onde as persoas somos só unha parte, talvez a máis insignificante.

There are female and male giants who could be abominable but choose not to. They enjoy their friendship, sing, eat, count starts, think about the planet, and they even look lovely and tiny. And what if they weren't so abominable? Maybe it's time to think of other adjectives for them...
Characters from popular imagination, planets and stars that draw the sky, shapes and fantastic beings that invite us to enjoy planet Earthand the universe, where people are only a part— maybe the most insignificant.

Hay gigantas y gigantes que podrían ser abominables pero eligen no serlo. Disfrutan de su amistad, cantan, comen, cuentan estrellas, piensan en el planeta y resultan hasta agradables y pequeñitos. ¿Y si no eran tan abominables? Igual hay que ir pensando en otros adjetivos para ellos...
Personajes del imaginario popular, planetas y estrellas que dibujan el cielo, formas y seres fantásticos que proponen que disfrutemos del planeta Tierra y del universo, donde las personas somos solo una parte, quizá la más insignificante.

E que vai ser?

Mes de publicación: outubro
Texto: Adelaida Vidal
Ilustracións: María Montes
Descrición: 30 p. 19 x 15 cm
ISBN: 978-84-9995-434-9





Un bebé escoita desde o inicio da súa xestación como a nai ten que responder da forma máis sorprendente a familiares e amizades as preguntas que lle fan sobre que vai ser unha vez naza. Tanto importa? Disto trata este divertido conto de Adelaida Vidal, que mereceu o Premio Fina Casalderrey de Literatura Infantil pola Igualdade na IV edición.

A baby listens from the beginning of its gestation as its mother has to answer questions from relatives and friends, in the most amazing way, about what gender it is going to be when born. Does it really matter as much? This is what this fun tale, written by Adelaida Vidal, is all about. It was awarded the Fina Casalderrey Prize for Children's Literature for Equality in the 4th edition.

Un bebé escucha desde el inicio de su gestación cómo la madre tiene que responder de la forma más sorprendente a familiares y amistades a las preguntas que le hacen sobre qué va a ser cuando nazca. ¿Importa tanto? De esto trata este divertido cuento de Adelaida Vidal, que mereció el Premio Fina Casalderrey de Literatura Infantil por la Igualdad en la IV edición.



Os contos do Lobicán

Mes de publicación: xuño
Texto: Eva Mejuto
Ilustracións: Sofia Venzel
Descrición: 32 p. 21 x 14,6 cm
ISBN: 978-84-9995-427-1



Lobicán, un pequeno lobo rosmón e inocente, a quen lle gusta ler, cantar, tocar música e cociñar mais non estudar e ir á escola, ten que levar á casa do avó no bosque unha torta de amora e coidarse dos humanos, que só pensan en matalos. Polo camiño ten que fuxir dos animais que gustan do cheiro da torta e coincide con Xiana, unha nena que vai á casa da súa tía cun bote de mel, e da que, logo de superaren cadanseus medos e reservas, se fai amigo.

Lobicán —a little, grumpy and innocent wolf that likes to read, sing, play music and cook, but not to study nor go to school— has to carry a blackberry cake to his grandfather's home in the forest and to protect himself against humans, who only think about killing them. On his way, he has to run away from animals that like the smell of cake and he meets Xiana, a girl who is going to her aunt's home with a jar of honey. After overcoming their own fears and reservations, they start a good friendship.

Lobicán, un lobezno gruñón e inocente, al que le gusta leer, cantar, tocar música y cocinar pero no estudiar ni la escuela, tiene que llevar una tarta de moras a la casa del abuelo en el bosque y evitar a los humanos, que solo piensan en matarlos. Por el camino tiene que huir de los animales a los que les gusta el olor de la tarta y coincide con Xiana, una niña que va a casa de su tía con un tarro de miel, y de la que, tras superar los dos sus miedos y reservas, se hace amigo.

Sibila e a monstruosa festa do Samaín

Mes de publicación: novembro
Texto: Marta Lado
Ilustracións: Carlos Lago
Descrición: 56 p. 19 x 13 cm
ISBN: 978-84-9995-435-6





Como viven as familias vampiras? Que senten? Como se relacionan entre elas e cos humanos? Cales son as súas preocupacións, medos e desexos? Que monstros herdamos do ideario popular?
Disto e moito máis trata esta divertida historia, que narra a visita dos parentes de Sibila ao cemiterio familiar da aldea para pasar tan sinalada celebración, momento que aproveita a nena vampira para facer trasnadas que atemorizan a súa nai.

How do vampire families live? What do they feel? What is the relationship between them and humans? What are their worries, fears and desires? What monsters have we inherited from popular tradition?
This fun story answers this and much more, and it narrates the visit of Sibila's relatives to the familiar cemetery in the village to spend this appointed celebration. The vampire girl will take advantage of their time there to play pranks that terrorise her mother.

¿Cómo viven las familias vampiras? ¿Qué sienten? ¿Cómo se relacionan entre ellas y con los humanos? ¿Cuáles son sus preocupaciones, miedos y deseos? ¿Qué monstruos heredamos de la tradición popular?
De esto y mucho más trata esta divertida historia, que narra la visita de los familiares de Sibila al cementerio familiar del pueblo para pasar tan señalada celebración, momento que aprovecha la niña vampira para hacer trastadas que atemorizan a su madre.



Unha boa gatucada!

Mes de publicación: abril
Texto: Pilar Pallarés
Ilustracións: Gaila González e Ana Pillado
Descrición: 96 p. 19 x 15 cm
ISBN: 978-84-9995-425-7



Onde manda gata vella, que é o que pode un mangallón? Ela chámase Ofelia e veu do monte; el é Leo, que sempre quere ser protagonista, para algo é un macho alfa! Comparten piso con Romi, fan de David Bowie, e con Maga, unha siamesa trouleira. Ah!, e cunha humana bastante riquiña, aínda que un pouco maniática e sosa, como adoitan ser os humanos ao medraren.

"Saiba a fresa ou a sardiña,
a queixo ou a hamburguesa,
o mundo sabe tan ben!"

Where an old female cat rules, what can an overgrown one do? Her name is Ofelia, and she comes from the hills; he is Leo, who always wants to be the protagonist. He is an alpha male for a reason! They share a flat with Romi, a David Bowie fan, and with Maga, a very ferocious and joyful Siamese. Ah! And with a quite-lovely female human, yet a little maniac and dull, as humans tend to be when they grow up.

"Whether it tastes like strawberry or sardine,
cheese or hamburger,
the world tastes so good!"

Donde manda gata vieja, ¿qué es lo que puede hacer un grandullón? Ella se llama Ofelia y vino del monte; él es Leo, que siempre quiere ser protagonista, ¡para algo es un macho alfa! Comparten piso con Romi, fan de David Bowie, e con Maga, una siamesa juerguista. ¡Ah!, y con una humana bastante agradable, aunque un poco maniática y sosa, como acostumbran a ser los humanos al crecer.

"Sepa a fresa o a sardina,
a queso o a hamburguesa,
¡el mundo sabe tan bien!"

Clara y su diario, en una experiencia maravillosa
Clara e o seu diario, nunha experiencia marabillosa

Mes de publicación: abril
Texto: Esther Sestelo Longueira
Ilustracións: Lucía Camacho Herrero
Descrición: 192 p. 13,5 x 20 cm
ISBN: 978-84-126822-4-3





Cuarto libro da serie Clara y su diario en edición bilingüe. A protagonista volve contarnos historias a través do seu diario falado. Esta vez sorpréndenos cunha aventura única e marabillosa. Cos seus avós, viaxa de novo a Galicia para vivir intensamente unha festividade moi relevante. Fin de semana inesquecible, plena de cor e xenerosidade, que marcará a personalidade e sensibilidade de Clara.

Fourth installment in the series Clara y su diario, presented in a bilingual edition. The main character tells us stories once again through her voice-recorded diary. This time around, she surprises us with an amazing one-in-a-million adventure. Along with her grandparents, she revisits Galicia to deeply experience an important festivity. An unforgettable weekend, bursting with colours and generosity, which will impact Clara's personality and sensitivity.

Cuarto libro de la serie Clara y su diario en edición bilingüe. La protagonista vuelve a contarnos historias a través de su diario hablado. Esta vez nos sorprende con una aventura única y maravillosa. Con sus abuelos, viaja de nuevo a Galicia para vivir intensamente una festividad muy relevante. Fin de semana inolvidable, lleno de color y generosidad, que marcará la personalidad y sensibilidad de Clara.

O pesadelo de Mateo

Mes de publicación: marzo
Texto e ilustracións: Estefanía Padullés Estévez
Descrición: 30 p. 23 x 23 cm
ISBN: 978-84-126822-1-2





—Que pesadelo! Que pesadelo! —exclama a mamá de Mateo cada vez que atopa esparexidos polo seu cuarto os xoguetes, os libros, a roupa...
—Non fun eu! Foi o monstro Pesadelo! —defféndese Mateo.
A Mateo ocorréuselle a brillante idea de inventar un monstro e botarlle a culpa da súa desorde. Que plan tan bo! Ou talvez non?


"What a nightmare! What a nightmare!", exclaims Mateo's mum every time she finds his toys, his books, his clothes... scattered all across his room.
"It wasn't me! It was the monster Nightmare's doing!", Mateo says to defend himself. Mateo comes up with the brilliant idea of making up this monster to blame for his mess. What a plan! Or maybe not?

—¡Qué pesadilla! ¡Qué pesadilla! —exclama la mamá de Mateo cada vez que encuentra esparcidos por su habitación los juguetes, los libros, la ropa...
—¡No he sido yo! ¡Ha sido el monstruo Pesadilla! —se defiende Mateo.
A Mateo se le ocurrió la brillante idea de inventarse un monstruo y echarle la culpa de su desorden. ¡Qué plan tan bueno! ¿O tal vez no?

O verme que quería voar

Mes de publicación: marzo
Texto: Ángela Méndez Alonso
Ilustracións: Nusy Lo
Descrición: 28 p. 23 x 23 cm
ISBN: 978-84-126822-2-9





Co paso do tempo, do mesmo xeito que o verme deste conto, todas as persoas imos descubrindo as capacidades e habilidades que posuímos para alcanzar os nosos soños. Unha conmovedora historia para ler e colorear. Ideal para traballar e previr temas como a dismorfia corporal, a aceptación das habilidades e a actitude para afrontar a vida.

As the days go by, much like the worm in this story, we all come to know the abilities and skills we possess in order to achieve our dreams. A moving tale to be read and coloured. Perfect for working on and preventing issues such as body dysmorphia, embracing our skills, and the attitude to face life.

Con el paso del tiempo, del mismo modo que el gusano de este cuento, todas las personas vamos descubriendo las capacidades y habilidades que poseemos para alcanzar nuestros sueños. Una conmovedora historia para leer y colorear. Ideal para trabajar y prevenir temas como la dismorfia corporal, la aceptación de las habilidades y la actitud para afrontar la vida.



Pedro, o piloto de gaivotas

Mes de publicación: setembro
Texto: Manuel Darriba
Ilustracións: Aida Alonso
Descrición: 26 p. 23 x 23 cm
ISBN: 978-84-126822-5-0



Libro inclusivo. Pedro é un neno con discapacidade ao que lle encanta ver mundo. Por iso se fixo piloto de gaivotas. Todas as mañás, unha gaivota vén á súa casa para levalo de viaxe.

It is an inclusive book. Pedro is a boy with a disability who loves exploring the world. That's why he became a seagull pilot. Every morning, a seagull arrives at his home to take him on a trip.

Libro inclusivo. Pedro es un niño con discapacidad a quien le encanta ver mundo. Por eso se hizo piloto de gaviotas. Todas las mañanas, una gaviota viene a su casa para llevarlo de viaje.

Xiana e a meiga Xela

Mes de publicación: marzo
Texto: Irene Quinteiro
Ilustracións: Daniel Barbazán
Descrición: 38 p. 23 x 23 cm
ISBN: 978-84-126822-3-6





Que pasou en Bemol Pequeno? As súas xentes perderon a música e as cancións. Acompaña a Xiana nesta aventura para descubrilo! Atoparás no interior un QR cunha bonita canción interpretada por Música Miúda.


What has happened in the town of Bemol Pequeno? Its inhabitants have lost their music and songs. Join Xiana on this adventure to find out! Inside the book, you'll discover a QR code linking to a beautiful song performed by Música Miúda.

¿Qué ha pasado en Bemol Pequeño? Sus gentes han perdido la música y las canciones. ¡Acompaña a Xiana en esta aventura para descubrirlo! En el interior encontrarás un QR con una bonita canción interpretada por Música Miúda.



Burbullas de calma serena

Mes de publicación: outubro
Texto: Andrea Maceiras
Ilustracións: Irene Sanjuán
Descrición: 240 p. 12,5 x 20 cm
ISBN: 978-84-124586-2-6



Casiopea é unha gata doméstica e non imaxina que será a primeira gata de Agarimo en ver un *alien,* tampouco que o acollerá na súa casa nin o desastre que se formará. Alma está ansiosa pola chegada dos seus curmáns. Noa está sempre enfadada, Luc non para de chorar e Nico só cala e observa. Así é imposible concentrarse nos deberes de matemáticas! Agarimo seica non é tan tranquilo... E un *alien* que funde as luces cando perde os nervios non é un segredo fácil de agochar. No planeta Sosego teñen razón e a calma é a solución perfecta.

Casiopea is a domestic cat and has no clue that she will be the first cat in Agarimo to catch sight of an alien, not even that she'll welcome it into her home, nor the chaos that will ensue. Alma is eager for the arrival of her cousins. Noa is constantly angry, Luc never stops crying, and Nico just observes with his mouth shut. Concentrating on math homework then becomes an impossible challenge! Agarimo isn't as quiet as it seems... And an alien who causes the electricity to go off whenever it loses its temper isn't an easy secret to hide. They are right on planet Sosego when saying that calmness is the best of the solutions.

Casiopea es una gata doméstica y no imagina que será la primera gata de Agarimo en ver un *alien,* tampoco que lo acogerá en su casa ni el desastre que se formará. Alma está ansiosa por la llegada de sus primos. Noa está siempre enfadada, Luc no para de llorar y Nico solo calla y observa. ¡Así es imposible concentrarse en los deberes de matemáticas! Agarimo no es tan tranquilo como parece... Y un *alien* que funde las luces cuando pierde los nervios no es un secreto fácil de esconder. En el planeta Sosiego tienen razón y la calma es la solución perfecta.

Nom estamos quebrades


Mes de publicación: marzo
Texto: Nee Barros
Descrición: p. 140 12,7 x 20 cm
ISBN: 978-84-124586-1-9



Depois de romper com o seu moço, Eva, estudante de Filologia, começa a questionar a sua sexualidade, o seu jeito de relacionar-se com es demais e sente a pressom do entorno por encaixar. Com a ajuda do seu melhor amigo e outras persoas que topa no seu caminho, começa a entender o que lhe está a acontecer.
Novela sobre a amizade, a importáncia de tecer redes, aprender e construir, querer e querer-se, e entender que nom há nada de errado em nós.
V Premio María Victoria Moreno de Literatura Xuvenil.

After breaking up with her boyfriend, Eva—a philology student—finds herself questioning her sexuality and her way of bonding with others as she feels pressure from her surroundings to fit in. Thanks to the help of her best friend and other people she meets along the way, she starts to understand what is up with her.
A novel centring around friendship, the value of forging relationships, learning and building, loving and being loved, and understanding that there is nothing wrong with the way we are.
5th María Victoria Moreno Prize for Young Adult's Literature.

Después de romper con su chico, Eva, estudiante de Filología, se cuestiona su sexualidad, su modo de relacionarse con les demás y siente la presión del entorno por encajar. Con la ayuda de su mejor amigo y otras personas que encuentra en su camino, comienza a entender lo que le sucede.
Novela sobre la amistad, la importancia de tejer redes, aprender y construir, querer y quererse, y entender que no hay nada equivocado en nosotros.
V Premio María Victoria Moreno de Literatura Juvenil.



Brais e Chisco. Extremo risco

Mes de publicación: agosto
Texto e ilustracións: Santy Gutiérrez
Descrición: 56 p. 19,5 x 28 cm
ISBN: 978-84-126120-3-5



Brais e Chisco son dous amigos, un ieti e un pingüín, afeccionados a todas as disciplinas deportivas, especialmente aos deportes de risco. En historias dunha páxina, demostran que a habilidade non sempre vai unida á vontade, e que ás veces é máis complicado desenvolverse nas habilidades sociais que nas deportivas. Banda deseñada de humor para público infantil e xuvenil.

Brais and Chisco—a yeti and a penguin—are a pair of friends who are fans of all sport disciplines, especially extreme sports. In one-page stories, they show that skill doesn't always go hand in hand with willpower, and that developing social skills can sometimes be harder than sporting ones. This humorous comic is intended for children and young adults.

Brais y Chisco son dos amigos, un yeti y un pingüino, aficionados a todas las disciplinas deportivas, especialmente a los deportes de riesgo. En historias de una página, demuestran que la habilidad no siempre va unida a la voluntad, y que a veces es más complicado desarrollar las habilidades sociales que las deportivas. Cómic de humor para público infantil y juvenil.

Cinza

Mes de publicación: decembro
Texto e ilustracións: Manel Cráneo (a partir da novela de Xavier Alcalá)
Descrición: 136 p. 19,5 x 28 cm
ISBN: 978-84-126120-9-7





Adaptación a banda deseñada da novela *A nosa cinza,* de Xavier Alcalá. Conta a vida de Xoán, un rapaz criado durante a ditadura franquista, orfo de nai, fillo de médico, de familia galeguista. Durante dez cursos escolares na cidade, con vacacións na aldea, vemos como Xoán medra no duro contexto do seu tempo. Os anos de escola e instituto marcan a transición do neno inocente ao mozo que se ha de enfrontar aos designios da vida para cortar o cordón umbilical coa súa familia.

Comic adaptation of the novel *A nosa cinza* by Xavier Alcalá. It follows the journey of Xoán, a boy raised under the Francoist dictatorship who is orphaned by his mother, the son of a doctor, and hails from a Galician family. Throughout ten school years in the city—interwoven with holidays in the village—, we see as Xoán grows up in the harsh conditions of his time. The school and high school years mark his transition from an innocent child to the young man who must defy life's plans in order to sever family ties.

Adaptación a cómic de la novela *A nosa cinza,* de Xavier Alcalá. Cuenta la vida de Xoán, un niño criado durante la dictadura franquista, huérfano de madre, hijo de médico, de familia galleguista. Durante diez cursos escolares en la ciudad, con vacaciones en la aldea, vemos crecer a Xoán en el duro contexto de su tiempo. Los años de escuela e instituto marcan la transición del niño inocente al chico que se debe enfrentar a los designios de la vida para cortar el cordón umbilical con su familia.



O Reiciño de Galiza, de Victor Hugo

Mes de publicación: febreiro
Texto: Inacio Vilariño (a partir do relato de Victor Hugo)
Ilustracións: Iván Suárez
Descrición: 52 p. 17 x 24 cm
ISBN: 978-84-126120-4-2



Nunha Galiza en tensión por manterse como reino independente, sete infantes raptan a Nuno, o primoxénito do rei García II. Un enigmático cabaleiro francés, de nome Roldán, inicia unha aventura de rescate sen freo que deixará como rastro un río de sangue. Inacio Vilariño e Iván Suárez adaptan de xeito maxistral esta obra dunha das mellores plumas do Romanticismo, Victor Hugo, que fixou a súa mirada no derradeiro rei de Galiza para rimar un relato épico e poético que resulta imperecedoiro e fresco.


